



ANEXO C
INFORME DOS RESULTADOS DAS ACCIÓNS DE TRANSFERENCIA PARA O APOIO ÁS
ACTIVIDADES DE DEMOSTRACIÓN E INFORMACIÓN AO AGRO GALEGO 2018

Nº DE PROTOCOLO: 2018/166

1.- TÍTULO DA ACCIÓN: Valor agronómico de variedades comerciais de millo forraxeiro en Sarria

2.- UNIDADE ADMINISTRATIVA DA CONSELLERÍA ORGANIZADORA:
(centro de investigación/CFEA/OAC...)
Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), AGACAL

3.- LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE:
Enderezo: Localización SIXPAC: Provincia 27, Concello 57, Polígono 13, Parcela 885
Concello: Sarria
Provincia: Lugo

4.- RESPONSABLE: Manuel López Luaces Tfno.: 881881801

5.- INTRODUCCIÓN:

En Galicia o cultivo forraxeiro cunha maior superficie sementada nos meses de verán, é o millo para ensilar, producíndose nos últimos anos un continuado incremento na superficie dedicada á súa produción, sobre todo nas explotacións de vacún de leite. Con este cultivo obtense unha alta produción nun curto período de tempo e cun elevado valor nutritivo. Cada vez máis, procurase alimentar as vacas en base a recursos propios; xa que nunha explotación os maiores gastos na produción débense á alimentación, supoñendo entre un 50 e un 70% dos seus custos.

Na situación actual, onde a maioría das explotacións teñen unha escasa base territorial por unidade de produción, converteuse nunha absoluta necesidade maximizar a produción da terra da que dispoñen. Para elo, débese elixir de forma correcta a variedade comercial, o ciclo e a produtividade da mesma, xa que se se teñen en conta os elevados custos do cultivo do millo para ensilar, unha boa escolla resulta imprescindible para acadar unha boa rendibilidade.

A falta de información oficial sobre o comportamento e as características produtivas e forraxeiras das diferentes variedades de millo que se comercializaban nesta comunidade, foi emendada no ano 1999, cando se puxo en marcha unha rede de avaliación de variedades comerciais de millo forraxeiro en Galicia, co obxectivo de coñecer o valor agronómico das variedades que as Casas Comerciais venden na actualidade ou que teñen perspectivas de introducirse no futuro inmediato no mercado galego. O programa esta deseñado para a realización de catro campos experimentais ó ano situados en catro Comarcas Rurais de Galicia, nas de maior peso na produción de millo forraxeiro da nosa comunidade e abranguendo tamén zonas xeográficas distintas: Sarria (centro sur de Lugo), Deza (nordés de Pontevedra), Ordes (centro de A Coruña) e A Mariña Oriental (nordés de Lugo).

Desde o ano 1999 ata a actualidade, os resultados dos campos experimentais sementados publícanse anualmente nun díptico que se distribúe a través das oficinas comarcais agrarias entre cooperativas agrarias e agricultores individuais, e tamén está dispoñible na web.

A variedade máis axeitada en cada caso variará en función da zona xeográfica, da data da sementeira, da data da colleita (normalmente ensilado) e das condicións que posúe a explotación en canto a carga gandeira ou superficie dispoñible para cultivos, podendo incluso haber diferentes variedades idóneas para distintas parcelas dun mesmo gandeiro.



6.- MATERIAL E MÉTODOS:

Ensaíáronse 33 variedades comerciais de millo forraxeiro.

O deseño empregado no campo consistiu en bloques ó chou con tres repeticións, tendo cada parcela elemental 6,5 metros de lonxitude e 0,6 metros de separación entre liñas con tres liñas de sementeira.

Fíxose unha preparación do solo e a posterior incorporación dos fertilizantes (150 kg ha^{-1} de P_2O_5 , 250 kg ha^{-1} de K_2O e 125 kg ha^{-1} de N_2). A fertilización complementouse en cobertura con 50 kg ha^{-1} de N_2 . Antes da sementeira do millo forraxeiro aplicáronse ó solo 40 kg ha^{-1} dun insecticida comercial cunha riqueza do 5% en clorpirifos, para a defensa contra vermes do solo, e $3,75 \text{ L ha}^{-1}$ dun herbicida comercial cunha riqueza (peso/volume) do 4% en mesotriona e do 40% en S-Metolacloro, para a defensa contra a vexetación espontánea.

A sementeira fíxose o 11 de maio. A densidade inicial de sementeira foi de 180.000 plantas ha^{-1} (210 sementes por parcela elemental, xa que se sementaron dúas sementes cada 18,5 cm.). Realizouse un rareo cando as plantas tiñan 4-5 follas para deixar unha densidade final de 90.000 plantas ha^{-1} (exactamente 105 plantas por parcela elemental, habendo en cada fila un nº medio de 35 plantas).

CONTROIS:

Previamente á aplicación da fertilización tomáronse mostras de solo para a súa análise completa (físico-química) e posterior cálculo das doses de fertilizantes.

Durante o desenvolvemento do cultivo tomouse a data de nacemento, fíxose un rareo como se explicou con anterioridade, tomouse nota do vigor de establecemento de cada unha das variedades en cada repetición despois do rareo e tomouse a data da floración feminina.

Fíxose o control de produción mediante o conteo do nº de plantas na liña central no momento do corte, contáronse as plantas con carbón e encamado, pesouse en verde a liña central da parcela elemental (plantas cortadas a 15 cm. do solo) e seleccionáronse 10 plantas ó chou desa liña central, procurando evitar plantas con caracteres extremos. Nelas mediuse a altura da planta (cm.), altura de inserción da mazaroca (cm.), número de mazarocas total nas 10 plantas seleccionadas, peso verde das mazarocas das 10 plantas (gran e carozo, sen espatas), peso verde do follaxe das 10 plantas (talos + follas + espatas); picouse 2 veces por separado mazarocas e follaxe, de xeito que as mostras quedasen ben homoxéneas e tomáronse mostras de aproximadamente 1kg.

A colleita fíxose para cada variedade no momento en que o estado medio do gran das tres repeticións acadou o estado pastoso-vítreo (liña de leite a 1/3-1/2 do ápice), pois pretendeuse colleitar cada variedade no que sería o seu momento óptimo de ensilado. Isto obrigou a facer unha recollida progresiva e escalonada das variedades durante aproximadamente un mes e medio, o que implicou realizar ata tres controis semanais, demandando moita man de obra e desprazamentos ós lugares de ensaio.

No laboratorio determinouse o contido en materia seca e procedeuse á moenda das mostras secas, e á recollida dos espectros das mesmas no equipo nirs para coñecer o valor nutritivo tal e como se describía no protocolo e facer cálculos. Posteriormente realizouse o axuste por mínimos cadrados integrando os resultados obtidos desde o ano 1999 ata a actualidade cos dos outros tres campos e confeccionouse o díptico que se publica anualmente.

7.- ANÁLISE DE RESULTADOS:

Para analizar os diferentes parámetros estudados, é necesario empregar unha análise estatística por mínimos cadrados para poder integrar os resultados obtidos desde o ano 1999 ata a actualidade, do rendemento e da calidade da forraxe dos **catro campos** ensaiados que conforman a rede.



Desde o ano 1999 en que se comezou coa rede de ensaios en Galiza, cada ano os resultados publícanse nun díptico informativo, que se distribúe a través das oficinas agrarias comarcais entre cooperativas agrarias e agricultores individuais. Dito díptico tamén está dispoñible na web do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. Os resultados tamén se divulgan en revistas galegas ou nacionais.

Os resultados aparecen divididos en dúas táboas: a táboa 1, na que se atopan as variedades que, cando menos, foron avaliadas durante dous anos e, polo tanto, con datos de maior fiabilidade, e a táboa 2, na que se atopan aquelas variedades cun só ano de experimentación na rede, considerándose os resultados provisionais, dado que un só ano non é suficientemente significativo para facer unha avaliación acertada.

Unha vez feito o tratamento estatístico e integrados os resultados dos catro campos, publicáronse os resultados nun **díptico** coma en anos anteriores.

Os resultados obtidos neste campo son os seguintes:

	Kg/ha		% ps		%							t/ha		
	Pverde	P seco	Palla	Mazaroca	MS	MO	PB	ADF	NDF	IVOMD	CNET		CSA	Almidón
Mas 24.C	86111	25831	44,99	55,01	30,0	95,70	6,54	23,33	44,26	69,75	42,90	3,45	32,36	17,24
Mas 40.F	94359	29274	49,50	50,50	31,1	96,51	5,87	23,55	44,83	70,99	42,75	3,77	30,07	20,06
Es Peppone	90684	29224	50,59	49,41	32,4	95,28	7,24	23,60	44,37	70,92	39,89	3,54	28,77	19,75
Es Tolerance	74274	22084	46,00	54,00	29,7	95,22	7,54	23,55	44,58	68,99	39,70	3,80	31,41	14,51
Es Hornet	92179	28059	51,19	48,81	30,4	96,81	5,97	24,27	45,76	69,72	41,52	3,46	28,17	18,94
Talina	72735	21666	46,23	53,77	29,9	95,60	7,13	23,15	44,06	70,24	41,29	3,46	31,36	14,55
Daridor	52650	19683	40,73	59,27	37,6	95,52	7,41	20,89	42,80	72,62	44,79	3,73	36,45	13,65
Querci	81410	22465	50,21	49,79	27,7	96,26	6,47	23,22	44,31	71,73	41,36	3,37	28,70	15,51
Misteri	87692	24749	52,89	47,11	28,3	96,20	6,20	24,58	44,60	69,28	40,25	3,08	25,27	16,49
Hotspot	84145	27841	41,64	58,36	33,1	96,14	6,56	21,67	44,05	72,57	44,83	3,97	36,14	19,42
Quatro	83632	22934	49,56	50,44	27,4	95,49	6,95	24,56	46,27	71,53	38,83	3,66	29,85	15,66
Kenobis	99573	28831	54,00	46,00	29,0	96,27	6,54	24,79	46,17	70,25	39,16	2,97	27,19	19,50
Konfluens	87222	27465	46,63	53,37	31,5	96,05	6,29	22,29	43,83	71,79	43,23	3,69	31,22	18,94
DKC 4621	100171	27563	46,52	53,48	27,5	96,12	6,09	22,79	44,22	71,53	42,21	4,10	31,36	18,95
Siricus	77308	24799	49,82	50,18	32,1	95,67	6,56	25,44	47,93	68,95	39,11	3,23	30,18	16,36
LG 31295	89915	27176	50,11	49,89	30,2	95,64	6,51	22,06	43,65	73,01	42,54	4,26	28,74	18,98
LG 31276	84060	26935	47,95	52,05	32,2	95,60	6,24	22,85	44,47	71,44	41,55	3,72	31,15	18,40
Buckley	76667	24144	48,98	51,02	31,5	96,15	6,36	23,94	45,89	71,50	39,94	3,03	29,96	16,60
RGT Conexxion	74017	23995	47,58	52,42	32,5	95,69	6,85	25,07	46,63	69,34	38,18	2,51	29,95	15,92
Urbanix	100470	27197	48,67	51,33	27,3	96,11	6,40	23,45	44,40	71,55	40,98	3,43	29,27	18,70
Maxial	81068	24002	48,92	51,08	29,6	95,80	6,75	23,80	45,62	71,46	40,49	4,15	29,57	16,43
AGV 4406	104829	28858	52,53	47,47	27,5	96,06	6,32	24,01	46,06	71,31	39,24	3,49	27,23	19,77
SY Triade	86624	30077	46,08	53,92	35,3	96,31	5,96	23,34	45,70	71,48	42,51	3,69	32,74	20,71
SY Zephyr	75983	23960	50,31	49,69	31,8	96,33	6,44	23,62	44,67	70,38	41,07	3,14	28,71	16,24
BC 525	95855	26483	52,71	47,29	27,7	95,94	6,39	26,26	49,02	68,82	36,83	3,59	27,15	17,48
DS 1592	99145	30580	46,89	53,11	30,9	96,54	6,51	22,80	44,86	71,08	43,83	3,50	31,33	20,98
Moloss	88419	26079	52,74	47,26	29,8	95,84	6,47	24,93	46,89	68,11	39,98	3,65	27,69	17,02
BC 406	81667	23014	46,84	53,16	28,2	95,98	7,01	25,61	46,93	68,11	37,69	3,69	29,72	15,05
NS 3023	85427	25244	49,71	50,29	30,3	95,50	6,74	25,52	47,17	68,90	38,73	3,78	28,84	16,61
SY Gibra	91368	31597	45,97	54,03	34,7	96,81	5,87	22,59	45,10	72,77	43,69	3,61	32,41	22,26
DS 0610 C	86667	24220	51,44	48,56	28,0	96,21	6,33	25,19	46,88	69,13	39,22	3,00	28,67	16,11
DS 1609 E	89060	25046	54,73	45,27	28,1	96,77	5,92	23,52	44,76	71,29	41,83	3,34	25,60	17,28
Livorno	101068	28867	49,35	50,65	28,5	95,83	6,76	23,49	44,46	70,95	40,24	2,73	28,92	19,63



8.- RESUMO E CONCLUSIÓNS:

En Galicia cada ano seméntanse aproximadamente 70.000 hectáreas de millo forraxeiro destinado fundamentalmente ás explotacións de leite. No ano 2016 sementáronse entono ás 67.000 ha, produciuse unha redución de superficie puntual; debido ao cambio na PAC que obrigaba, para recibir as axudas, a unha diversificación de cultivos no período de maio a setembro. No ano 2017, co cambio na PAC xa se recuperaron cifras semellantes ás do 2015 con 69361 hectáreas dedicadas a este cultivo.

Nos últimos tempos observábase un crecemento da superficie de cultivo do millo para ensilar, particularmente acentuado nas explotacións de maiores dimensións debido ó aumento do número de vacas por hectárea e das producións de leite por vaca. Isto leva ás explotacións a ter que aumentar a produción de enerxía por hectárea para atender as necesidades do rabaño. Un dos xeitos máis eficientes de conseguilo é cultivar millo para ensilar, xa que hai variedades adaptadas a todas as zonas e con diferentes ciclos, e ten boa ensilabilidade e boa conservación do silo no tempo e un elevado valor nutritivo, aportando unha gran cantidade de enerxía ás racións ademais de ser o cultivo de verán máis produtivo nun curto período.

Coa publicación anual do **díptico** amósanselles os resultados obtidos ós agricultores-gandeiros e ós técnicos das cooperativas para que dispoñan da información necesaria para unha boa escolla da variedade ou variedades de millo forraxeiro a sementar en cada caso, en función das condicións de cada gandeiro e cada sementeira, co obxectivo final de mellorar a rendibilidade das súas explotacións que coa intensificación da produción dependen máis dos cultivos forraxeiros.

9.- DATA E SINATURA DO RESPONSABLE:

En Mabegondo, 12 de decembro de 2018

O/A responsable

Asdo.: Manuel López Luaces